

**PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O
ACCESO Á UNIVERSIDADE
ORIENTACIÓNS PARA A MATERIA “LATÍN II” (cód. 30)
Curso 2021-2022**

Para o curso 2021-2022 mantéñense o mesmo programa de contidos e os mesmos criterios de valoración utilizados no curso anterior. Estase a espera das directrices das autoridades educativas correspondentes, para definir como será o modelo de exame, do que se informará oportunamente tan pronto como sexa posible.

Así pois, os contidos e os criterios xerais de corrección son os seguintes:

1. TEXTOS

Pídese a tradución dun fragmento dun texto latino da obra de Eutropio ou da obra de Fedro. Será obxecto da proba a mesma selección de textos do curso pasado publicada na páxina web da CIUG.

Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de latín, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

2. MORFOLOXÍA E SINTAXE

Pídese a análise morfolóxica e a análise sintáctica dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Na análise morfolóxica hai que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas.

Na análise sintáctica hai que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas posibilidades admítese calquera método de análise que sexa correcto.

3. LITERATURA LATINA

Serán obxecto de avaliación exclusivamente os seguintes xéneros e autores:

- a) Teatro. Plauto
- b) Oratoria e retórica. Cicerón
- c) Historiografía. Tito Livio
- d) Épica. Virxilio
- e) Lírca. Horacio

4. LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO

Os aspectos obxecto de avaliación son os que de seguido se indican. Para os puntos 2 e 3 continuarase utilizando a listaxe de materiais publicada na páxina web da CIUG.

1. Explicación de procedementos de derivación e composición produtivos en latín e dos seus resultados na lingua galega ou na lingua castelá.

2. Explicación do significado de locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados.

3. Comentario etimolóxico de topónimos.

Santiago de Compostela, outubro 2021

Xosé Carracedo Fraga

Director do grupo de traballo